

NOME

CURSO

CCL

COMUNICACIÓN (Comprensión e expresión escrita) (5) (1ª sesión)**1. Le o seguinte texto e responde ás cuestións.****Desvelado o «misterio da fosa atlántica»**

Flores mutantes para a paz mundial

Santiago de Compostela

Valter Simmos

Correspondente en España

Dende a tarde de onte o «misterio da fosa atlántica» xa non é tal e moitas explicacións vai ter que dar o Alto Mando da OTAN para convencernos da bondade da súa versión dos feitos, recollida anteriormente nestas mesmas páxinas. Dúas organizacións ecoloxistas, a galega ADEGA e a internacional «Greenpeace», ofreceron onte unha conferencia de prensa na que informaron da arriscada viaxe que, camuflados nun pequeno barco pesqueiro, fixeron ata a fosa atlántica. Unhas fermosas flores dun branco nacarado e un amplo dossier excelentemente documentado, dan proba de todo o que os ecoloxistas afirmaron na roda de prensa que, en resumo, é o seguinte: a misteriosa mancha brillante, que a OTAN atribuíu a residuos de po radioactivo, estaba formada por flores. Flores dunha nova raza, xerada por mutación como consecuencia dos efectos dos verquidos nucleares. Flores que, e isto é o importante, teñen a extraordinaria calidade de transformar en afervoadada pacifista a toda aquela persoa que cheire o seu penetrante arrecendo. Isto, de seguro, ha provocar nos vindeiros días serias consecuencias no panorama político mundial.

Así que, á vista destes feitos, que unha nova da OTAN veu de cualificar como «fantasías propias dun grupo de extremistas iluminados», xa se pode afirmar categoricamente que o que a OTAN destruíu onte, nun espectacular bombardeo, non foi «un po radioactivo que ameazaba á vida mariña e a longo prazo á vida das persoas», senón o xerme do que pode ser unha nova época de paz mundial. E entón cabe preguntarse, de quen nos defende a OTAN? Traballan para a paz, como din, ou necesitan un mundo cheo de conflitos para poder subsistir?

Non resulta doado vaticinar o que pode pasar a partir de agora, aínda que a ninguén se lle escapa que as cousas non van quedar como estaban. Polo de pronto, ADEGA e «Greenpeace» xa se responsabilizaron da distribución masiva de flores, que se reproducen con abraiante facilidade, a tódolos lugares do mundo. O flower's power; o vello soño dos hippies daquela década prodixiosa que foron os anos sesenta está a piques de se cumprir: flores para a paz mundial.

A. Fernández Paz: *As flores radioactivas*

a. Cal é “o misterio da fosa atlántica”? (0’5)

.....
.....

b. Que fixeron os ecoloxistas para descubrir a verdade dos feitos? (0’5)

.....
.....

c. Que propiedades posúen as flores? (0’5)

.....
.....

d. Está de acordo a OTAN coa versión dada polos ecoloxistas? (0’5)

.....
.....

e. Que é o que van facer as organizacións ecoloxistas? (0’5)

.....
.....

f. Divide o texto en partes (fai un esquema). (0’5)

g. Elabora un resumo do texto. (1)

.....
.....
.....

h. Indica cal é o tema que se trata no texto. (0’5)

.....
.....

i. Que opinas ao respecto? (0’5)

.....
.....
.....

COMUNICACIÓN (Comprensión e expresión oral) (5) (2ª e 3ª sesións)**1. Le expresivamente o seguinte texto (1)**

*A virxe de Guadalupe
cando vai pola ribeira,
descalciña pola area
parece unha rianxeira. (bis)*

refrán

*Ondiñas veñen
ondiñas veñen e van
non te embarques rianxeira
que te vas a marear. (bis)*

*A virxe de Guadalupe
cando veu para Rianxo,
a barquiña que a trouxo
era de pau de laranxo. (bis)*

*A virxe de Guadalupe
quen a fixo moreniña,
foi un raíño de sol
que entrou pola ventaíña. (bis)*

2. Explica oralmente o contido do texto, xustificando a que xénero pertence e de que texto se trata. (2)**3. Atende á proxección da curtametraxe: *O circo da bolboreta* . Posteriormente participa no debate ou diálogo que se desenvolva na aula arredor do filme. (2)****(COAVALIACIÓN)**

FUNCIONAMENTO DA LINGUA (5) (4ª sesión)

1. Completa os seguintes enunciados coas palabras do cadro que mellor se axeiten. (0'5)

toro, garfo, restra, xerra, vitela

- Non me botes ese _____ que é moi grande e non teño tanta fame.
 - Esa _____ non se pode meter no microondas porque está feita de aluminio.
 - Disque colgar unha _____ de allos na porta da casa protexe das meigas.
 - O meu prato favorito é a _____ con patacas.
 - Non sei que vou facer para que meu fillo aprenda a comer co _____.
2. Clasifica as seguintes palabras segundo pertencen a un rexistro coloquial ou a un rexistro culto: (1)

cabrearse	cabeza	enfadarse	flegma	cachola,
esgarro	cabelos	guedellas	condonar	perdoar

3. Mete nun círculo a palabra correcta. (1)

antigüidade – antiguidade	berza – verza	hombro - ombro
irmán – hirmán	avoa – aboa	silla –cadeira
coello – conezo	saia – saya	ajua – auga
Rianxo – Rianjo		

4. Indica a palabra que sobra en cada unha das seguintes series. (0'5)

triciclo - ciclomotor - telesquí - velomotor – moto
 tranvía - teleférico - telderete - aerotrén - ferrocarril
 xirar - guiar - manobrar - cear - conducir
 pensión - residencia - hotel- cámping - furgón
 comer – engullir- tragar - consumir – trousar

5. Sinala a que tipo de palabra pertence cada unha das que aparece no seguinte enunciado: (1)

Dende a tarde de onte o «misterio da fosa atlántica» xa non é tal.

(AUTOCORRECCIÓN)

CSC

LINGUA E SOCIEDADE (5) (5ª e 6ª sesións)

CMCCT

1. Explica a seguinte gráfica (0'5)



CMCCT

2. Segundo a gráfica anterior poderíamos dicir que o galego é unha das línguas máis faladas do mundo? Por que? (1)

CMCCT

3. A través do seguinte mapa, explica por que en América falan línguas da mesma cor que en España, Portugal e Reino Unido. (1)



CSC

4. Con cal dos seguintes conceptos relacionarías o seguinte cartaz? (0'5)
Bilingüismo, diglosia, plurilingüismo, monolingüismo.



5. Que linguas serías quen de ler no cartaz anterior? Por que? (1)
6. Busca información en internet arredor das linguas máis faladas hoxe en día. (1)

CD

CD

LITERATURA (5) (7ª e 8ª sesións)

CCEC

1. Averigua:

- ♣ a que autor/a se lle adica este ano o Día das Letras Galegas.(0'5)

.....

- ♣ por que se celebra o Día das Letras Galegas o 17 de maio? (0'5)

.....

.....

- ♣ para que se celebra ese día? (0'5)

.....

.....

- ♣ desde cando se celebra ese día? (0'5)

.....

.....

2. Busca un texto d@ autor/a homenaxead@ e crea a partir del un novo produto artístico (1 / 2)

Nunha última sesión (9ª) realizarase a AUTOAVALIACIÓN.

Posteriormente, realizada a AVALIACIÓN pola persoa docente, recolleranse todos os datos nun INFORME DE AVALIACIÓN INICIAL, do que se dará conta a nais-pais a través da persoa titora ou durante a 1ª reunión coas familias que se celebrará a mediados de Outubro.

Finalmente, archivaranse as tarefas realizadas por cada alumno/a no PORTFOLIO.

BOA ATERRAXE NA ESO!!!!!!!!!!!!!!!!!!!!!!!

CONCRECIÓN DOS MÍNIMOS PARA OS CRITERIOS DE CORRECCIÓN

Concreción dos mínimos para os criterios de corrección	Competencias Clave	Indicadores de logro
Bloque 1. Comunicación oral. escoitar e falar		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Comprende e interpreta a intención comunicativa de textos orais sinxelos (curtametraxe). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA 	▪
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Traslada a información relevante ou a idea xeral a resumos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA 	▪
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Recoñece, xunto ao propósito e a idea xeral, os datos máis relevantes en textos orais do ámbito social e educativo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA 	▪
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Segue instrucións para realizar tarefas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA 	▪
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Coñece e aprecia as normas que rexen a cortesía na comunicación oral (intervén na orde que lle corresponde, manifesta respecto polas opinións alleas e recoñece e rexeita a linguaxe discriminatoria). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC 	▪
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Aprecia a emisión dunha pronuncia correcta, recoñece os erros de produción oral . 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA 	▪
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Comprende e rexeita os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia da lingua galega. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA 	▪
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Usa, se a posúe, a variante dialectal propia . 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCEC 	▪
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación, con coherencia e corrección. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC 	▪
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Intervén en debates e coloquios do ámbito educativo, respectando as regras de interacción. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC 	▪
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Participa en conversas informais nos que intercambia información e expresa a súa opinión e pide e dá indicacións ou instrucións sinxelas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC 	▪
Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Utiliza técnicas de análise e síntese do contido: subliñados, esquemas e resumos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA 	▪
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Interpreta o significado de elementos non lingüísticos (gráficas, mapas, etc.). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CMCCT 	▪
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Comprende e sintetiza textos propios da vida educativa: webs educativas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CD 	▪
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Segue instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe . 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL 	▪
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Usa de forma guiada as TIC para obter información e consultar modelos de composición escrita. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CD 	▪
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Manifesta unha actitude crítica ante as mensaxes que transmiten prexuízos e reflexiona sobre os usos lingüísticos discriminatorios. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC 	▪

Concreción dos mínimos para os criterios de corrección	Competencias Clave	Indicadores de logro
<ul style="list-style-type: none"> Le en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados e con respecto pola puntuación do texto. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL 	<ul style="list-style-type: none">
<ul style="list-style-type: none"> Utiliza elementos lingüísticos e discursivos esenciais para a cohesión das ideas: conectores textuais básicos, e concordancias dentro do sintagma nominal e dentro do sintagma verbal. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL 	<ul style="list-style-type: none">
<ul style="list-style-type: none"> Revisa o texto con respecto ás normas morfolóxicas, ortográficas e tipográficas. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CD 	<ul style="list-style-type: none">
<ul style="list-style-type: none"> Produce, a partir dun modelo, textos propios . 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CD CSC 	<ul style="list-style-type: none">
<ul style="list-style-type: none"> Produce, en formato papel, textos propios da vida educativa, especialmente, resumos, exposicións sinxelas e conclusións sobre tarefas e aprendizaxes realizadas. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CD 	<ul style="list-style-type: none">
<ul style="list-style-type: none"> Participa, de modo guiado, nas tarefas de revisión e mellora das producións propias e alleas. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA 	<ul style="list-style-type: none">
<ul style="list-style-type: none"> Acepta o erro como parte do proceso de aprendizaxe e mostra unha actitude positiva de superación. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA 	<ul style="list-style-type: none">
Bloque 3. Funcionamento da lingua		
<ul style="list-style-type: none"> Obtén, de xeito autónomo, información lingüística relativa á clase de palabras.. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CD 	<ul style="list-style-type: none">
<ul style="list-style-type: none"> Aplica as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL 	<ul style="list-style-type: none">
<ul style="list-style-type: none"> Recoñece os erros nas producións orais e escritas propias e alleas a partir da avaliación e autoavaliación. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA 	<ul style="list-style-type: none">
Bloque 4. Lingua e sociedade		
<ul style="list-style-type: none"> Coñece as linguas que se falan en Galicia. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL 	<ul style="list-style-type: none">
<ul style="list-style-type: none"> Coñece o que é un prexuízo. Detecta a presenza de vellos prexuízos cara ao galego. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CSC 	<ul style="list-style-type: none">
Bloque 5. Educación literaria		
<ul style="list-style-type: none"> Le expresiva e comprensivamente e sinala a temática ou temáticas abordadas. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL 	<ul style="list-style-type: none">
<ul style="list-style-type: none"> Escribe textos sinxelos de intención estética. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CCEC 	<ul style="list-style-type: none">
<ul style="list-style-type: none"> Identifica e describe, nunha canción dada, os seus principais trazos definitorios. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CCEC 	<ul style="list-style-type: none">
<ul style="list-style-type: none"> É quen, seguindo unhas pautas orientadoras, de procurar a información básica para a resolución das tarefas propostas. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CD 	<ul style="list-style-type: none">

CUESTIONARIO SOBRE DATOS PERSOAIS, SOCIAIS, CULTURAIS E LINGÜÍSTICOS

A) DATOS PERSOAIS

Datade nacemento	
Correo electrónico (se non lembrás o contrasinal, non apuntes o correo)	
Profesión das nais-pais	
Onde vives?	
Tes un cuarto para ti ou compártelo?	
Tes libros e/ou enciclopedias na casa?	
Tes un ordenador á túa disposición? Tes internet?	
Que é o que máis che gusta facer cada día?	
Que é o que máis traballo che custa facer día a día?	
Que che gustaría facer ao rematar a ESO?	
Que programas de TV acostumas ver? Canto tempo lle adicas ao día á TV?	
Que tipo de música ou que grupos e cantantes che gustan? Como consegués a música que escoitas?	
Gústache ler? Que adoitas ler? Indica o título dos tres últimos libros que leras fóra das lecturas obrigatorias da aula	
Que agardas da materia de Lingua e Literatura Galega e 1º ESO?	
Con que 2 compañeiros/as de clase che gustaría traballar en equipo? Con que 2 non che gustaría?	Si:
	Non:
Tes amigos/as na clase cos que te relaciónes fóra dela? Quen?	

B) CUESTIÓNS CULTURAI

Que obras de Literatura Galega liches nos dous últimos cursos?	
Parecéronche adecuadas para o teu nivel? Supuxéronche un esforzo? Atopaches algo interesante nelas? Aprendiches algo? Que lle recomendarías ao/á profesor/a á hora de marcar as lecturas do curso? Como che gustaría que fosen avaliadas esas lecturas?	
En que lingua prefires ler, galego ou castelán? Por que?	

C) DATOS SOCIOLINGÜÍSTICOS

Cal é a túa lingua?	
En que lingua aprendiches a ler e escribir?	
Cambias de lingua segundo onde te atopas?	
Cambias de lingua segundo con quen fales?	
En que lingua te comunicas na casa?	
En que lingua te comunicas no centro de estudos: cos compañeiros/as e cos profesores/as?	
En que lingua te comunicas cos/as amigos/as?	
Se vas a un centro comercial urbano, que lingua empregas?	
Cres que hai linguas mellores e linguas peores, linguas máis bonitas e linguas máis feas?	
Unha lingua é simplemente un instrumento para comunicarse (como poden ser os sinais de tráfico ou a linguaxe dos xordomudos)?	
Cres que o galego se atopa en igualde de condicións respecto ao castelán ou cres que debería mellorar a súa situación?	